

D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 8 de maio do 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5. CONTRATACIÓN E SERVIZOS.

A) CONTRATACIÓN.

A1. DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE EXPLOTACIÓN DO BAR-CAFETERÍA E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS DO CENTRO CÍVICO MUNICIPAL.

ANTECEDENTES,

1º.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local de 27.3.2017 prestouse aprobación ao expediente para a contratación do servizo referenciado no asunto da cabeceira e dispúxose a publicación do mesmo no perfil do contratante municipal e no BOP de Lugo, o que tivo lugar con datas 27.3.2017 e 7.4.2017 (BOP nº 81), respectivamente.

2º.- Dentro do prazo de presentación do ofertas non concorreu ningún licitador segundo se recolle no informe de 2.5.2017 do funcionario adscrito ao Rexistro Xeral.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS,

Única.- O artigo 151 do Rd. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público prevé que non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego. A sensu contrario, poderá declararse deserta a licitación cando non exista oferta algunha.

Polo que antecede, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO.-

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento para a contratación do Servizo de Explotación do Bar Cafetería e Instalacións Complementarias do Centro Cívico Municipal do Concello de Monforte de Lemos (EXP.013-SERVPA17), por falta de licitadores.

Segundo.- Publicar o presente Acordo no perfil do contratante municipal e publicar un anuncio no BOP dando conta de que o procedemento de licitación foi declarado deserto”.

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a nove de maio de dous mil dezasete.

Vº e Pce.

O ALCALDE

